



**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

**ASUNTO:** EU MERCO NA LARACHA 2026 (4ª EDIC.)

**EXPEDIENTE:** 2026/G003/000698

### **ANTECEDENTES:**

O Concello da Laracha, a través da súa Concellería de Promoción Económica, no seu afán de colaborar coa promoción e apoio ao tecido económico municipal, propón a realización dunha actuación dirixido ao sector comercial, hostaleiro, taxis, cultural, educativo, salóns de peiteados e outros tratamentos de beleza, estimulando a demanda a través do consumo en empresas locais, mediante a campaña de promoción do comercio municipal:

“EU MERCO NA LARACHA 2026” (4ª Edic.)

Mediante esta campaña de promoción comercial, o Concello pretende apoiar ao tecido empresarial, neste caso ao sector comercio, hostaleiro, taxis, cultural, educativo, salóns de peiteados e outros tratamentos de beleza dinamizando actuacións de participación cidadán.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar as seguintes:

**BASES REGULADORAS DA UTILIZACIÓN DOS BONOS COMERCIO “EU MERCO NA LARACHA” 2026**

**Artigo 1.- Obxecto da subvención.**

Constitúe o obxecto destas bases a regulación das axudas que o Concello da Laracha outorgaralle ás persoas maiores de 18 anos empadroadas na Laracha, para promover a reactivación económica e a propiciar o fortalecemento dos sectores comercial, hostaleiro, taxis, cultural, educativo, salóns de peiteados e outros tratamentos de beleza, estimulando a demanda a través do consumo en empresas locais polo procedemento previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As axudas faranse efectiva a través dos bonos “Eu mercos na Laracha”, que poderán ser utilizados nos establecementos e actividades adheridas do sectores mencionados no paragrafo anterior, radicados no Concello da Laracha.

Os beneficiarios e beneficiarias dos citados Bonos “Eu mercos na Laracha 2026” serán as **persoas físicas maiores de idade e empadroadas no Concello** como data límite o día inmediatamente anterior ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia e que son parte activa,





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

fundamental e imprescindible para levar a cabo esta campaña de dinamización e reactivación económica de estes sectores produtivos de proximidade.

O comercio tradicional, a hostalería e demais sectores económicos están sometidos a un profundo proceso de cambio que exige realizar un esforzo de renovación e adaptación continuo. Polo tanto dende o Concello de A Laracha, preténdese fomentar o consumo nestes negocios de proximidade.

**Artigo 2.- Obxectivos.**

O obxectivo do programa e o fortalecemento dos sectores comercial, hostaleiro, taxis, cultural, educativo, salóns de peiteados e outros tratamentos de beleza municipais, a través dos Bonos “Eu merco na Laracha 2026”.

**Artigo 3.- Orzamento.**

Para a concesión destas axudas destinaranse 40.000 € dispoñibles no orzamento en vigor para o 2026.

Esta cantidade poderase incrementar en función da evolución do programa Bonos “Eu merco na Laracha” co obxecto de aumentar o número de persoas beneficiarias e de acordo coa dispoñibilidade de crédito.

**Artigo 4.- Actividades subvencionables e principio aplicables.**

Polas presentes bases promocionase a venda de bens, consumicións ou prestación de servizos a través dos Bonos Eu merco na Laracha, que poderán ser utilizados nos establecementos e actividades comerciais, hostaleiros, taxis, cultural, educativo, gasoleiras, salóns de peiteados e outros tratamentos de beleza, que estean adheridos ao Programa.

A xestión dos fondos públicos asignados ao programa de bonos: “Eu merco na Laracha 2026” levarase a cabo de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

**Artigo 5.- Beneficiarios/as dos bonos “Eu merco na Laracha”.**





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Os beneficiarios e as beneficiarias dos bonos “Eu merco na Laracha” serán as persoas físicas maiores de idade, empadroadas na Laracha nos termos que sinala a base primeira, e que se atopen ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Eles son parte fundamental e imprescindible para levar a cabo esta campaña de dinamización e reactivación económica de estes sectores produtivos de proximidade, xunto cos establecementos adheridos á campaña. As persoas beneficiarias dos bonos terán a consideración de beneficiarios a efectos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e os datos serán comunicados a Base de Datos Nacional de Subvención e demais organismos aos que corresponda.

**Artigo 6.- Alta e requisitos dos establecementos e negocios para a adhesión ao programa.**

1. Os establecementos e negocios que desexen adherirse ao programa de Bonos “Eu merco na Laracha”, deberán facelo mediante o formulario (anexo I) creado para este fin, a través da páxina web: <https://eumerconalaracha.alaracha.gal> ou de forma presencial na planta baixa do Edificio administrativo, dito formulario recollerá os seguintes datos:

Nome e apelidos/nome fiscal.

Domicilio fiscal en Galicia.

NIF/CIF.

Nome, apelidos e DNI do representante.

Nome comercial.

Dirección do establecemento comercial.

Número de teléfono móbil.

Correo electrónico.

IAE principal. Data de alta da actividade principal.

IBAN da conta bancaria.

Páxina web do establecemento.

2. O prazo para adherirse ao programa será **desde o día seguinte á publicación** do extracto das bases no Boletín Oficial da Provincia (previa publicación das bases íntegras na BDNS), tamén serán publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na páxina web <https://eumerconalaracha.alaracha.gal> **ata as 24:00 horas do 22 de maio de 2026** (incluído).





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

3. Poderán adherirse ao programa de Bonos Eu mercó na Laracha os establecementos que cumpran, ademais, os seguintes requisitos:

- a) Que dispoñan de establecemento permanente ou licenzas de taxis na Laracha e que reúnan as condicións legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade (quedan excluídas as actividades de venda ambulante e venda en liña).
- b) Que sexan persoas empresarias autónomas ou pequenas e medianas empresas de conformidade co previsto no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño<sup>1</sup>.
- c) Estar ao corrente co cumprimento das obrigas coa Axencia estatal de Administración Tributaria (AEAT) coa Seguridade Social, e co Concello da Laracha. Será comprobada de oficio, sempre que o establecemento autorice a súa consulta, en caso contrario deberá presentar certificados de estar ao corrente das obrigas.

*(1) Para a definición de micro empresas e pequenas empresas terase en conta o establecido no Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, así como a definición contida no Real Decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para micro empresas. Estes criterios entenderanse cumpridos por empresas que durante dous exercicios consecutivos reúnan, á data de peche de cada un deles, polo menos dúas das seguintes circunstancias:*

- a) *Que o total das partidas do activo non supere o millón de euros.*
- b) *Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os dous millóns de euros.*
- c) *Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a dez.*

4. Quedan expresamente excluídos os entes públicos, as asociacións, fundacións, entidades sen ánimo de lucro, e aquelas empresas que formen parte dun grupo empresarial nos termos regulados no artigo 42 do Código de Comercio. Tampouco poderán participar os establecementos que non cumpran coas condicións do punto anterior nin coa forma establecida nesta convocatoria.

5. A adhesión á campaña “Eu mercó na Laracha 2026” suporá a aceptación das condicións e deberes do programa e da política de privacidade, conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que será informado convenientemente.

Para estes efectos, os establecementos adheridos deberán asinar unha declaración responsable manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados e sen prexuízo das facultades do Concello de verificar os datos declarados.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

6. O sistema establecido (páxina web: <https://eumerconalaracha.alaracha.gal>) estará habilitado de tal forma que permita ao Concello da Laracha publicitar e informar puntualmente todo o relativo a esta campaña Eu mercó na Laracha, así como para dar de alta a todos os locais adheridos (O nome comercial e localización dos establecementos públicos).

**Artigo 7.- Solicitudes, prazos, lugar de presentación e documentación para ser beneficiario dun bono “Eu mercó na Laracha 2026”.**

1. As solicitudes dos bonos “Eu mercó na Laracha” por parte dos veciños que cumpran os requisitos deberán facerse dende o día seguinte á publicación do extracto das bases no BOP **ata as 24:00 do 22 de maio de 2026** (incluídos) mediante o formulario (anexo II) creado para este fin, a través da páxina web: [www.eumerconalaracha.alaracha.gal](http://www.eumerconalaracha.alaracha.gal) ou de forma presencial na planta baixa do Edificio administrativo (sala 4).

**Artigo 8.- Xestión de solicitudes e concesión dos bonos “Eu mercó na Laracha”.**

A área de Promoción Económica e desenvolvemento local do Concello de A Laracha xestionará as solicitudes presentadas correctamente, dentro do prazo aberto para a presentación de solicitudes dos Bonos “Eu mercó na Laracha 2026”.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, serán todas revisadas e derivadas a unha base de datos de solicitudes conformes (no caso de que estean completas e cos requisitos cumpridos). O resto de solicitudes presentadas e excluídas por incumprimento dos requisitos sinalados nas bases ou presentadas fora de prazo, contarán cun prazo de subsanación, de 3 días naturais dende o día seguinte á publicación dos listado de solicitudes conformes na sede electrónica do Concello da Laracha (de ser preciso).

Pasado dito prazo de subsanación, publicarase a listaxe definitiva de **solicitudes conformes**, así como a data, lugar e hora de realización do sorteo dos Bonos “Eu mercó na Laracha 2026” (no caso de existir mais solicitudes que bonos).

O sorteo se realizará utilizando un sistema electrónico de elección automática e aleatoria, o número que se obteña será o primeiro bono e os números seguintes correlativos ata chegar aos 1.333; este acto será público. En dito sorteo se obterá o nome de todos os gañadores do bono Eu mercó na Laracha (1.333 bonos por valor de 30 euros cada un). Tamén se obterá unha listaxe de reservas, para o caso de ser preciso acudir á mesma.





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

O resultado de dito sorteo será publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de A Laracha e na páxina web <https://eumerconalaracha.alaracha.gal>; non sendo obxecto de notificación individual aos beneficiarios dalgún dos bonos “Eu Merco na Laracha 2025”, ao abeiro do establecido na Lei de Procedemento administrativo.

### Artigo 9.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude

1.- O tratamento polo Concello de A Laracha dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixidas nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao Concello da Laracha determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) A responsabilidade do tratamento dos datos é do Concello da Laracha, con domicilio para os efectos de notificacións na Praza do Concello, s/n, 15145 A Laracha (A Coruña), teléfono de contacto 981605001 e correo electrónico: [concello.laracha@fegamp.gal](mailto:concello.laracha@fegamp.gal).

b) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria/o dalgún dos bonos “Eu merco na Laracha” e resto de actuacións derivadas desta campaña, en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica municipal e na páxina web da campaña: <https://eumerconalaracha.alaracha.gal>

c) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedinte (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria.

d) Os datos subministrados ao Concello da Laracha serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva salvo os referidos ao nome, apelidos, número de teléfono móbil e enderezo.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.
- A membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras expediente contradictorio previo con audiencia do/a interesada/o titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

e) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

f) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos do Concello da Laracha de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

g) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento da Alcaldía do Concello o acceso aos seus datos, así como á súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

h) Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Alcaldía do Concello da Laracha.

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados ao Concello da Laracha neste procedemento.

i) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración ao Concello da Laracha dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos/as beneficiarios, dará lugar á súa exclusión do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**Artigo 10.- Bono: “Eu merco na Laracha 2026” .**

As persoas que resulten beneficiarias dun bono “Eu merco na Laracha 2026”, unha vez rematado o sorteo (de ser preciso) e publicado o listaxe do mesmo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na páxina web <https://eumerconalaracha.alaracha.gal> deberán acudir á dependencia municipal que se indique nesa publicación entre os días **2 e 30 de xuño de 2026 (ambos incluídos)**, no horario de atención ao público, para a retirada dos bonos concedidos (no caso de non acudir á súa retirada serán entregados aos seguintes da listaxe de reserva, de ser o caso).

No caso de que o interesado non poda acudir, poderá facelo outra persoa identificada que presente autorización asinada do beneficiario acompañado de orixinal ou fotocopia do DNI do mesmo.

A listaxe de beneficiarios será publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, así como na páxina web <https://eumerconalaracha.alaracha.gal>. No caso que se empregue a listaxe de reserva, as persoas beneficiarias disporán de cinco días hábiles desde a comunicación/publicación para a retirada do bono correspondente.

O formato de presentación será unha chequeira por valor de 30 euros con 3 cheques “bonos” por valor de 10 euros cada un.

Cada bono terá a consideración de bono desconto para as compras, consumos ou servizos nos establecementos ou actividades adheridos No momento da transacción deberán quedar rexistrados o importe e concepto da compra, a identificación do bono e o importe descontado debendo gardar o/s bono/s entregados polo cliente.

Ao remate do período de troco dos bonos, o establecemento adherido emitirá ao Concello ao longo **do mes de xullo con prazo límite de 31 de xullo de 2026** unha soa factura co importe total dos bonos descontados (deberá estar incluído o IVE correspondente), e a relación detallada, identificando o importe total de cada compra có desconto de cada bono (anexando os bonos trocados).

**Artigo 11.- Condicións de uso dos bonos.**

1. Cada persoa beneficiaria disporá de 3 bonos (en formato de chequeira) que poderá ser usado nos establecementos adheridos ao programa.

O período de validez dos bonos axustarase ao período de vixencia do programa de bonos Eu merco na Laracha previsto, desde o día **2 de xuño ata o 30 de xuño de 2026**.





### **Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Cada bono terá a consideración de bono desconto para as compras, consumos ou servizos nos establecementos ou actividades adheridos, tendo en conta o seguinte:

Por cada 20 euros de compra, se descontarán 1 bono por valor de 10 euros.

Por cada 40 euros de compra, se descontarán 2 bonos por valor de 20 euros.

Por cada 60 euros de compra, se descontarán 3 bonos por valor de 30 euros.

Esta contía enténdese co IVE engadido.

En caso de devolución do ben ou bens comprados, o importe da compra poderá ser trocado por outra compra de prezo igual ou superior ou por un vale sen caducidade polo importe correspondente.

O comerciante non poderá aboar ao consumidor, en ningún caso, diñeiro en efectivo ou na tarxeta de crédito.

7. Non será aplicable o emprego dos bonos para as compras en liña nin serán compatibles con outro tipo de bonos promovidos por outras administracións públicas para as mesmas compras ou servizos.

### **Artigo 12. Xustificación e inspección.**

O Concello da Laracha, como responsable do programa, reserva para si o dereito de realizar a posteriori cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control xulgue oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa Bonos “Eu merco na Laracha”.

No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos establecementos adheridos, o Concello poderá cancelar a súa adhesión ao programa. Neste caso, comunicará a dita circunstancia co fin de impedir o troco e pagamento dos bonos ou solicitará, se é o caso, o reintegro dos fondos percibidos.

Os establecementos adheridos ao programa Eu merco na Laracha están obrigados a facilitar canta información lles sexa requirida polo Concello no exercicio das súas funcións de control do destino das axudas.

### **Artigo 13. Transparencia e bo goberno e publicación na BDNS.**

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso a información pública e bo goberno do Estado.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e a entidade/persoa beneficiaria serán obxecto de publicación, no taboleiro de anuncios en sede electrónica do Concello da Laracha así como na paxina web <https://eumerconalaracha.alaracha.gal> e no Portal da Transparencia do Concello da Laracha.

Segundo o artigo 36 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e cumprindo coa súa obrigaición, O Concello da Laracha remitirá os datos correspondentes a esta convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

**Artigo 14.- Publicidad.**

Todos os establecementos participantes están obrigados a colaborar en todas as accións de comunicación, prensa e relacións públicas do evento, así como a dar a maior difusión nas súas redes sociais da súa participación na campaña.

Os establecementos adheridos deberán ter exposto nun lugar visible dende o exterior o material publicitario da campaña, para facilitar a visibilidade de todos os locais participantes na campaña e dar unha imaxe corporativa (dito material será entregado polo Concello sen coste para os locais participantes).





**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## ANEXO I

### FORMULARIO DE ADHESIÓN PARA ESTABLECEMENTOS

Nome e apelidos OU razón social.			
NIF/CIF			
Domicilio fiscal e social			
Dirección establecemento permanente ou número de licencia de taxi			
Nome, apelidos do representante		DNI	
Nome comercial			
Dirección do local			
Teléfono			
Correo electrónico			
IAE da actividade pola que se participa na campaña			
Data alta da actividade			
CNAE			
IBAN da conta bancaria			
Páxina web do establecemento			
Outras redes (Instagram, Facebook ...)			

### EXPOÑO:

Que desexo participar como establecemento na campaña comercial “**Eu merco na Laracha**” 2026 para promover a reactivación económica e propiciar o fortalecemento dos sectores comercial, hostaleiro, taxis, cultural, educativo, , salóns de peiteados e outros tratamentos de beleza, a través a través dos bonos “Eu merco na Laracha 2026”.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**DECLARO**

- Que cumpro cos requisitos establecidos na convocatoria e que os datos indicados son certos, así como que dispoño de establecemento permanente e/ou licenza de taxis na Laracha e que reúno as condicións legalmente establecidas para o exercicio da miña actividade.
  
- Que son persoa empresaria autónoma ou representante de pequena e mediana empresa de conformidade co previsto no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño).
  
- Estar ao corrente co cumprimento das obrigas coa Axencia estatal de Administración tributaria (AEAT) coa Seguridade Social, e co Concello da Laracha.
  
- Autorizo ao Concello da Laracha para que consulte os datos de estar ao corrente e a verificación dos datos declarados
  
- Que colaborarei en todas as accións de comunicación, prensa e relacións públicas do evento, así como a dar a maior difusión nas redes sociais do meu establecemento adherido; así como a ter exposto nun lugar visible dende o exterior o material publicitario da campaña, para dar unha imaxe corporativa.
  
- Que non estou incurso/a nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
  
- Que autorizo ao Concello da Laracha para o tratamento dos datos achegados relativos ao establecemento que represento, en materia de protección de datos persoais nos termos que se establezan nas presentes bases da convocatoria.

Polo exposto, **SOLICITO:**

A adhesión como establecemento participantes á campaña “Eu merco na Laracha” 2026.

A Laracha \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202.....





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

(sinatura)

**ANEXO II**

**FORMULARIO DE ADHESIÓN PARA AS PERSOAS BENEFICIARIAS DOS BONOS “EU MERCO NA LARACHA”**

Nome e apelidos			
NIF			
Domicilio			
Data de nacemento		DNI	
Teléfono			
Correo electrónico			

- Declaro responsablemente que non estou incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a.
- Declaración responsablemente que cumpro cos requisitos establecidos na convocatoria e que os datos indicados son certos e que me atopo ao corrente coas miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Que autorizo ao Concello da Laracha para que consulte os meus datos persoais para garantir

que cumpro o requisito de ser maior de idade e de empadramento, que me atopo ao corrente coas miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como para o tratamento dos datos achegados relativos ao establecemento que represento, en materia de protección de datos persoais nos termos que se establezan nas presentes bases da convocatoria.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

---

Polo exposto, **SOLICITO:**

Participar no sorteo dos bonos “Eu merco na Laracha” 2026.

**A Laracha \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202....**

**(sinatura)**

SEGUNDO.- Publicar o extracto das bases no Boletín Oficial da Provincia, tamén serán publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na páxina web <https://eumerconalaracha.alaracha.gal>.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario, Rafael José Del Barrio Berbel, dou fe.

